

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE DECEMBRO DE 2004 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO NOS CENTROS PROPIOS DA UDC

Ao abeiro do establecido nos Estatutos da Universidade da Coruña e no Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 20 de outubro de 2004, e tras o acordo do Consello de Goberno na sesión do 14 de decembro de 2004, esta Reitoría resolve convocar as eleccións de Decanos de Facultade, Directores de Escola e Directores de Departamento nos centros propios da UDC, segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 15 de decembro de 2004.
O REITOR

Asdo. José María Barja Pérez

A) PROCEDEMENTO

I) COLEXIOS ELECTORAIS

As xuntas de facultade e de escola de cada un dos centros que se relacionan no anexo I do Regulamento electoral constituirán os colexios electorais para as eleccións a decanos de facultade e directores de escola. Así mesmo, os consellos de cada un dos departamentos que se relacionan no anexo I do Regulamento electoral constituirán os colexios electorais para as eleccións a directores de departamento.

II) ELIXIBLES

Son elixibles en cada colexio electoral os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Nas eleccións a decano de facultade, os membros da xunta de facultade que sexan profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva.
- b) Nas eleccións a director de escola, os membros da xunta de escola que sexan profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva. Nas escolas universitarias e nas escolas universitarias politécnicas tamén poderán ser elixibles os funcionarios non doutores ou profesores contratados doutores nos seguintes casos:
 - 1) Cando ningún profesor doutor dos corpos docentes universitarios for proclamado candidato.

- 2) Cando existindo candidatos profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros da xunta de centro.
- c) Nas eleccións a director de departamento, os membros do consello de departamento que sexan profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderán ser elixibles nas eleccións a director de departamento, exclusivamente nos departamentos que se recollen no anexo II do Regulamento electoral, os funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores nos seguintes supostos:
- 1) Cando ningún profesor doutor dos corpos docentes universitarios for proclamado candidato.
 - 2) Cando existindo candidatos profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento.

III) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas, dirixidas ao Presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no rexistro do centro ou departamento correspondente, no Rexistro Xeral da UDC ou no Rexistro da Vicerreitoría do Campus de Ferrol antes das 14 horas do día 12 de xaneiro, mércores.

O escrito, asinado polo candidato, conterà os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de DNI ou pasaporte.
- c) Corpo ao que pertence.
- d) Centro e departamento aos que está adscrito.
- e) Expresión da vontade de presentar a candidatura ao órgano unipersonal.
- f) Sinatura.

A proclamación provisional de candidatos será feita por cada un dos centros e departamentos. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao Presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos rexistros citados antes das 14 horas do día 14 de xaneiro, venres, e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. A proclamación definitiva de candidatos, non existindo reclamacións ou recursos ou xa resoltos, será feita por cada un dos centros e departamentos tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión.

IV) CONSTITUCIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E MODO DE SE CELEBRAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN

- a) O decano de facultade ou director de escola en funcións ou o director de departamento en funcións deberá convocar e celebrar antes da data das eleccións ou o mesmo día con antelación suficiente xunta de centro ou consello de departamento para a constitución do órgano colexiado.
- b) O decano de facultade ou director de escola en funcións e o director de departamento en funcións deberá convocar aos membros do órgano colexiado para celebrar unha reunión extraordinaria para a elección de Decano ou Director de centro ou director de departamento dentro dos prazos sinalados no calendario electoral. Nos casos das escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas e dos departamentos recollidos no anexo II do Regulamento electoral, debe incluírse na convocatoria a data e a hora da reunión para a celebración da segunda volta dentro dos prazos sinalados no calendario electoral.
- c) Có fin de que todos os eleitores podan exercer o dereito ao sufraxio, os Decanos e Directores de centro e os Directores de Departamento evitarán que a reunión dos consellos de departamento coincida coa da xunta do centro ao que están adscritos. No caso de que un representante o sexa en mais dun órgano colexiado, os órganos afectados deben garantir o seu dereito de sufraxio fixando as reunións para as eleccións de maneira que non coincidan no tempo.
- d) Nas eleccións a decano de facultade e director de escola emitirán o seu voto en cada centro os electores, membros da xunta respectiva, reunida en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. A xunta será presidida polo decano ou director en funcións, agás que este se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente na xunta. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do centro, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.
- e) Nas eleccións a director de departamento emitirán o seu voto, no centro ao que está adscrito o departamento, os electores membros do consello, reunidos en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. O consello será presidido polo director en funcións, agás que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente no consello. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do departamento, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.
- f) As papeletas, que serán elaboradas polo centro ou polo departamento, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde alfabética, e unha casilla ao lado para marcar o voto a favor do candidato.

V) PROCLAMACIÓN DE ELECTO

- a) Nas eleccións a decano de facultade ou director de escola, na primeira volta participarán como candidatos os profesores doutores pertencentes aos corpos

docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva. Proclamarase decano ou director ao candidato que obtivese a maioría absoluta de votos. De non se dar este suposto, procederase a unha segunda volta na mesma sesión da xunta entre os dous candidatos máis votados, proclamándose electo o que obteña maior número de votos.

Nas escolas universitarias e nas escolas universitarias politécnicas, non habendo candidatos entre os profesores doutores dos corpos docentes universitarios ou cando existindo candidatos nesta categoría ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros da xunta de centro na primeira volta, a segunda volta terá lugar noutra sesión da xunta que se celebrará tras a proclamación definitiva dos novos candidatos. Nesta segunda volta procederase á votación entre os profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores proclamados candidatos definitivamente. Os funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores só poderán resultar elixidos directores de escola universitaria ou de escola universitaria politécnica cando obtiveren, nesta segunda volta, un número superior de votos ao acadado polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios que obtivese un maior número de votos na primeira volta. De se non dar este suposto, proclamarase director ao candidato profesor doutor dos corpos docentes universitarios que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

- b) Nas eleccións a director de departamento, na primeira volta participarán como candidatos os profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva. Proclamarase electo o candidato que obtivese a maioría absoluta de votos. De non se dar este suposto, procederase a unha segunda volta na mesma sesión do consello entre os dous candidatos máis votados, proclamándose electo o que obteña un maior número de votos.

Nos departamentos que se recollen no anexo II do Regulamento electoral, non habendo candidatos entre os profesores doutores dos corpos docentes universitarios ou cando existindo candidatos nesta categoría ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento na primeira volta, a segunda volta terá lugar noutra sesión do consello que se celebrará tras a proclamación definitiva dos novos candidatos. Nesta segunda volta procederase á votación entre os profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores proclamados candidatos definitivamente. Os funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores só poderán resultar elixidos directores de departamento cando obtiveren nesta segunda volta un número superior de votos ao acadado polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios que obtivese un maior número de votos na primeira volta. De se non dar este suposto, proclamarase director ao candidato profesor doutor dos corpos docentes universitarios que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

- c) A proclamación provisional de candidato electo será feita polo secretario da xunta ou do consello, co visto bo do presidente, o mesmo día das eleccións unha vez rematada a reunión, enviando copia da mesma por correo interno á Comisión Electoral Central. As reclamacións e recursos presentaranse nos rexistros correspondentes nos dous días hábiles seguintes e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. Tras recibir comunicación da resolución, o secretario da xunta ou do consello, co visto bó do presidente, publicará a proclamación definitiva de candidato electo, enviando copia da mesma por correo interno á Comisión Electoral Central.

B) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS DE DECANOS/ DIRECTORES DE CENTRO E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO

- 1 Data de publicación do censo provisional: 15 de decembro.
- 2 Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional: do 16 ao 22 de decembro. Remata o día 22 de decembro, mércores, ás 14 horas.
- 3 Data de publicación do censo definitivo: 23 de decembro, xoves.
- 4 Prazo de presentación de candidaturas (único): do 10 ao 12 de xaneiro. Remata o día 12 de xaneiro, mércores, ás 14 horas.
- 5 Data de proclamación provisional de candidaturas (única): 12 de xaneiro, mércores.
- 6 Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación de candidaturas (único): do 13 ao 14 de xaneiro. Remata o día 14 de xaneiro, venres, ás 14 horas.
- 7 Proclamación definitiva de candidaturas: 17 de xaneiro, luns. Se proclamarán candidatos unicamente os profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios. Nas eleccións a director de escola universitaria ou escola universitaria politécnica e nas eleccións a director dun departamento contido no anexo II do Regulamento electoral se proclamarán candidatos os funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores cando ningún profesor doutor dos corpos docentes universitarios for proclamado candidato.
- 8 Campaña electoral: do 17 de xaneiro ata o día hábil anterior á data das eleccións.
- 9 Prazo no que fixar a data da votación: Para as eleccións a decanos de facultade e directores de escola, o decano ou director en funcións debe convocar una xunta extraordinaria a celebrar entre os días 20, 21 ou 24 de xaneiro, xoves, venres ou luns. Para as eleccións a directores de departamento, o director en funcións debe convocar un consello extraordinario a celebrar entre os días 20, 21 ou 24 de xaneiro, xoves, venres ou luns.

- 10 Data da proclamación provisional de candidatos electos: o mesmo día das eleccións ao remate da sesión.
- 11 Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatos electos: os dous días hábiles seguintes ao das eleccións, ata as 14 horas do derradeiro día do prazo.
- 12 Data de proclamación definitiva de candidatos electos: o día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatos electos.

Prazos para a elección en segunda volta de director de escola universitaria ou escola universitaria politécnica e para director de departamento exclusivamente nos casos previstos nos artigos 34.2.b) e 37.2.b) do Regulamento electoral:

- 9 Data de proclamación definitiva de novas candidaturas: para as eleccións a director de escola universitaria ou escola universitaria politécnica e a director de departamento, o mesmo día das eleccións en primeira volta, ao remate da sesión.
- 10 Prazo no que fixar a data da votación en segunda volta: Para as eleccións a director de escola universitaria ou escola universitaria politécnica, na data fixada polo director en funcións dentro dos tres días hábiles seguintes á data da sesión en primeira volta. Para as eleccións a directores de departamento, na data fixada polo director en funcións dentro dos tres días hábiles seguintes á data da sesión en primeira volta.
- 11 Data da proclamación provisional de candidatos electos: o mesmo día das eleccións en segunda volta ao remate da sesión.
- 12 Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatos electos: os dous días hábiles seguintes, ata as 14 horas do derradeiro día do prazo.
- 13 Data de proclamación definitiva de candidatos electos: o día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional de candidatos electos.